BUSCA POR ETIQUETAS

Unha anotación etiquetada de acordo co contido

Boa parte dos sitios da rede nos que publicamos permítennos achegar **palabras clave en relación co contido para clasificar e logo recuperar a información**. Redes sociais nas que incorporamos nomes de usuarios ás publicacións, espazos nos que colocamos palabras precedidas por unha grade (#), blogues nos que asociamos as anotacións con termos separados por comas... Estas claves descritivas coñécense co nome de **etiquetas** ou **tags** (*hashtags* no caso de Twitter).

Para recuperar a información, abondará con procurar dentro do sitio ou, no caso de que as etiquetas estean activas, premer na que nos interese. Dese xeito, accederemos a todo o que se publicou nese espazo con esa palabra clave.

Á hora de poñer etiquetas, o usual é:

- Empregar fundamentalmente substantivos e adxectivos.
- Usar unha palabra por etiqueta, mais tamén aparecen dúas ou máis xuntas, como *entrada enciclopédica* ou *#PalestinaLibre*
- Atender o tipo de fonte (*prensa, presentación, vídeo...*), o tema xeral (*tecnoloxía, crise económica...*), os subtemas (*redes sociais, odio online, recortes...*) e o para que (uso da fonte: *experiencias, claves, exemplos...*)



É especialmente rendíbel a etiquetaxe nos **marcadores sociais**, sitios nos que ter e compartir na rede os favoritos: sitios web, imaxes, vídeos... Así, poderemos buscar máis orientados entre o que outros xa escolmaron e etiquetaron. E ademais:

☺ teremos a posibilidade de organizar mellor o que nos interesa,
☺ poderemos seguir o que marcan outros usuarios.

Un dos espazos de marcadores sociais máis empregados no ensino é Diigo. Mais tamén outros servizos máis visuais que combinan etiquetas e cartafoles, como Pinterest.

Nos buscadores:

- debemos tender a escribir etiquetas e non frases longas ou oracións: *causas dor cabeza* fronte a *que pode causar unha forte dor de cabeza*;
- podemos limitar a procura a un sitio web (con *site:*enderezoweb), a unha rede social (escribindo @ diante do nome da rede: @twitter, etc.) ou a un hashtag (con #);
- ou temos a posibilidade de combinar etiquetas: or (como en *maratón or carreira*).

Tamén pode ser útil neste sentido a busca avanzada de Google: www.google.com/advanced_search